



20
23

SI

Galicia. A nosa economía en dixital **A sociedade da información nas empresas de Galicia.**

Resumo Executivo
Edición 2023



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA

Edita: Xunta de Galicia
Consellería de Facenda e Administración Pública
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega).

Lugar: Santiago de Compostela
Ano de publicación: 2024

Este documento distribúese baixo licenza Creative Commons. Recoñecemento –Compartir baixo a licencia 4.0 Internacional (CC BY-SA 4.0)
Dispoñible en: <https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.gl>

Índice de Contidos

1. Introducción	Páx. 4
2. Caracterización do Sector empresarial galego	Páx. 6
3. Equipamento e conectividade	Páx. 9
4. Talento dixital: especialistas e perfís TIC	Páx. 13
5. Dixitalización da organización e xestión das empresas	Páx. 15
6. Tecnoloxías disruptivas	Páx. 19
7. Xestión coas Administracións Publicas	Páx. 22
8. Facturación Electrónica	Páx. 24
9. Gasto en TIC	Páx. 26
10. Conclusións	Páx. 28





1. Introducción

Introdución

Principais resultados do estudo “Galicia. A nosa economía en dixital. A Sociedade da Información nas empresas de Galicia”, edición 2023.

Estudo realizado polo Observatorio da Sociedade da Información e Modernización de Galicia (OSIMGA), adscrito á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) da Xunta de Galicia.

Incluído no Plan Galego de Estatística 2022-2026. Marco estratéxico: Estratexia Galicia Dixital 2030.

Obxectivos

Analizar en detalle, información cuantitativa do nivel de dixitalización, uso das TIC e do comercio electrónico de microempresas e das empresas de 10 e máis traballadores/as en Galicia.

Proporcionar información para avaliar o impacto das iniciativas impulsadas pola Estratexia Galicia Dixital 2030.


Fonte de Información

Enquisa sobre uso de TIC e comercio electrónico nas empresas do Instituto Nacional de Estatística (INE). Foi facilitada a través do Instituto Galego de Estatística (IGE), en virtude do marco do convenio de colaboración asinado entre Amtega, o IGE e o INE.



2. Caracterización do sector empresarial galego

Caracterización do Sector empresarial galego



No ano 2023, segundo os datos do Directorio Central de Empresas do INE (DIRCE), o número de empresas con sede en Galicia foi de 185.179. A gran maioría das empresas galegas (96%) son microempresas (de 0 a 9 empregados/as).


A provincia onde máis empresas teñen a súa sede é A Coruña, cun 41,4% e Pontevedra, co 35,1%.

Localización da sede das Empresas
(Total de Empresas)

	DE 0 A 9 TRABALLADORES/AS	10 OU MÁIS TRABALLADORES/AS	TOTAL
A CORUÑA	73.525	3.127	76.652
LUGO	21.822	778	22.600
OURENSE	20.163	676	20.839
PONTEVEDRA	62.277	2.811	65.088
TOTAL	177.787	7.392	185.179

Fonte: INE, Directorio central de empresas 2023

Distribución das empresas segundo número de traballadores/as



Fonte: INE, Directorio central de empresas 2023

Caracterización do Sector empresarial galego




A gran maioría de empresas encádranse no sector Servizos, que abrangue ao 80,8% das empresas galegas.

O 59,5% teñen a consideración de "persoa física".

Actividade das Empresas


(% sobre o total de empresas con sede e/ou actividade en Galicia)



Fonte: INE, Directorio central de empresas 2023

Forma Xurídica das Empresas

(% sobre o total de empresas con sede e/ou actividade en Galicia)



Fonte: INE, Directorio central de empresas 2023




3. Equipamento e Conectividade

Equipamento

Empresas que dispoñen de ordenadores


(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as)



Fonte: INE (2022)

Empresas que dispoñen de ordenadores

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as)



Fonte: INE (2023)



Os ordenadores están presentes na práctica totalidade das empresas de 10 ou máis empregados/as; nas microempresas segue a tendencia alcista deste equipamento.

No 2023, o 87,6% das microempresas teñen ordenadores de usuario, crecendo a súa presenza nun 3,5% no último ano

Contratación de Internet

Empresas que teñen acceso a Internet contratado

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as)



Fonte: INE (2023)




A contratación da internet no 2023, acada a práctica totalidade das empresas de 10 ou máis empregados/as. Nas microempresas galegas, a porcentaxe de contratación da internet sitúase no 84,9% (+5,7% que no 2022).



Empresas que teñen acceso a Internet contratado

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as)




Fonte: INE (2023)

Velocidade de conexión contratada

Velocidade contratada

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet e banda larga fixa)




Fonte: INE (2023)



Evolución da velocidade contratada: 0 a 9 empregados/as


(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as con conexión a Internet e banda larga fixa)



Fonte: INE (2023)

Evolución da velocidade contratada: 10 ou máis empregados/as

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as con sede e actividade en Galicia conexión a Internet e banda larga fixa)



Fonte: INE (2023)

O aumento da velocidade contratada nos últimos anos é notorio, tanto nas microempresas como nas empresas de 10 ou máis empregados.

A porcentaxe de microempresas con velocidade maior ou igual que 100Mbps tivo un crecemento relativo do 8,5% no período 2020-2023, pasando do 54,3% ao 58,9%.

O crecemento da velocidade contratada das empresas de 10 e máis empregados non deixa de subir e, durante 2023, un 81,3% de empresas conta con máis de 100 Mbps/seg, o que supón un crecemento relativo do 14,5% no último ano.




4. Talento Dixital: especialistas e perfís TIC

Talento Dixital: Especialistas e Perfís TIC

Empresas que empregan especialistas TIC

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as)



Fonte: INE (2023)


O 19,7% das empresas con actividade en Galicia, de 10 ou máis empregados/as conta con perfís TIC, superando a media estatal (16,4%) en 3,3 puntos porcentuais.

Entre esas empresas, un 54,6% emprega mulleres especialistas TIC.



Empresas con mulleres especialistas TIC

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as que empregan especialistas TIC)



Fonte: INE (2023)






5. Dixitalización da organización e xestión das empresas

Páxina Web

Dispoñibilidade de Páxina Web

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE (2023)



No 2023, a dispoñibilidade de páxina web mantense estable, tanto nas empresas galegas como nas estatais. Nas empresas galegas de 10 ou máis empregados/as con sede en Galicia teñen web propia o 77,7% e a media estatal é do 78,5%.

Dispoñibilidade de Páxina Web, Empresas de 10 ou máis empregados, evolución do indicador


(%sobre o total de empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede en Galicia con conexión a Internet)



Fonte: INE (2023)

Dispoñibilidade de Páxina Web. Empresas de 0 a 9 empregados, evolución do indicador

(%sobre o total de empresas de 0 a 9 traballadores/as con conexión a Internet)




Fonte: INE (2023)

Medios Sociais

Empresas que utilizaron medios sociais

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)



Fonte: INE (2023)




No 2023, a utilización dos medios sociais dixitais con fins empresariais estabilízase en comparación coa tendencia ascendente observada dende o ano 2020 ata o 2021.

O uso de medios sociais sitúase nun 28% nas empresas de 0 a 9 traballadores e 65,5% nas empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede e/ou actividade en Galicia.

Empresas que utilizaron medios sociais, 10 ou máis empregados, evolución do indicador


(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados /as con conexión a Internet)



Fonte: INE (2023)

Empresas que utilizaron medios sociais, 0 a 9 empregados, evolución do indicador

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados /as con conexión a Internet)



Fonte: INE (2023)

Comercio Electrónico



Evolución das
empresas que
venden a través de
Internet

Vendas

Nas empresas de 10 ou máis
traballadores/as con sede en
Galicia a evolución

+25,5%
no último ano


Vendas

Nas microempresas

-7,8%
no último ano

No 2023, as cifras de vendas mediante comercio electrónico mantéñense en porcentaxes moi similares ás do ano anterior. O cambio máis destacable é o aumento na porcentaxe con vendas das empresas de 10 ou máis traballadores con sede en Galicia, que pasa dun 20,8% a un 26,1% (+25,5%).


Porcentaxe de empresas que realizaron vendas por internet no último ano
(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE (2023)

Porcentaxe de empresas que realizaron compras por Internet no último ano

(% sobre o total de empresas)



Fonte: INE (2023)



6. Tecnologías Disruptivas


Intelixencia Artificial (IA).

O 11,1% das empresas de 10 ou máis traballadores/as con actividade en Galicia empregan IA, valor que supera en 1,5 puntos porcentuais a media española.

Nas de menos de 10 empregados/as, o uso está por debaixo do 5%.




As solucións de IA máis empregadas polas empresas con 10 ou máis traballadores/as seguen sendo as de automatización de fluxos de traballo ou axuda na toma de decisións mentres que entre as microempresas que utilizan IA, a solución máis demandada é conversión de linguaxe falada en formato lexible para a máquina.



Fonte: INE (2023)

Solucións de IA máis utilizadas polas empresas

(% sobre o total de empresas que utilizan tecnoloxías de Intelixencia artificial)



Fonte: INE (2023)


Cloud Computing

No 2023, a compra de servizos de Cloud Computing nas grandes empresas con sede en Galicia sitúase por riba do 24%, sendo aínda máis frecuente nas empresas con actividade en Galicia onde acada, o 31% e iguala practicamente á media estatal.

Nas empresas de 10 ou máis asalariados/as con sede ou actividade en Galicia que compraron servizos de Cloud Computing, as solucións máis empregadas son as de correo electrónico, acadando máis do 87% das compras, seguido do almacenamento de ficheiros en máis do 80% das empresas.

As solucións de Cloud Computing máis destacadas nas empresas con menos persoal son as de correo electrónico (74,1%) e Software Office (65,8%).


Compra de Servizos de Cloud Computing



Fonte: INE (2023)



Solucións de Cloud Computing



Fonte: INE (2023)




7. Xestións coas Administracións Públicas

Xestións coas Administracións Públicas

Interacción coas AAPP a través de Internet

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)



Fonte: INE (2023)




O indicador que mide a interacción das grandes empresas galegas coas Administracións Públicas é outro ano máis, superior ao estatal, o que volve corroborar a gran implantación deste servizo dentro do tecido empresarial galego.

As microempresas tamén achegan un dato destacado, co 71,3%, aínda que non creceu coa mesma intensidade que no estado.

Estamos a comparar datos de hai tres anos, ao non incluírse no cuestionario aplicado polo INE nas edicións anteriores.


Empresas que interactuaron coas AAPP a través de Internet no último ano

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as con conexión a Internet)



Empresas que interactuaron coas AAPP a través de Internet no último ano

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as con conexión a Internet)



Fonte: INE (2023)




8. Facturación Electrónica

Facturación electrónica

Empresas que envían facturas electrónicas: Galicia e España


(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as)




Fonte: INE (2023)

Empresas que envían facturas electrónicas: Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as)



Fonte: INE (2023)



A emisión de facturas electrónicas que permiten o seu procesamento informático supera o 40% nas empresas galegas e estais de 10 ou máis empregados. Nas microempresas, só o 16,3%.

No 2023, a tendencia nas empresas segue a ser a de emitir facturas en papel en máis do 80% das grandes empresas galegas e no 76,9% das microempresas. En ambos casos supérase a media estatal de emisión en papel.

Fonte: INE (2023)




9. Gasto en TIC

Gasto en TIC




Gasto en TIC das empresas durante o ano 2022



Fonte: INE (2023)

Durante o ano 2022, tanto as microempresas coma as empresas de 10 e máis empregados/as, destinan máis orzamento TIC ao gasto en seguridade. Nas primeiras, o gasto supera os 44 millóns, mentres que o gasto en ciberseguridade nas empresas de 10 ou máis traballadores/as supera os 72 millóns.



10. Conclusiones

Conclusións



O número de empresas en Galicia no 2023 é de 185.179, das cales un 96% son microempresas (de 0 a 9 traballadores/as).

Incrementábase nun 14,5% a porcentaxe de empresas de 10 ou máis traballadores/as con actividade en Galicia que teñen velocidade contratada maior o igual que 100 Mb/seg, pasando do 71% ao 81,3% no último ano .



A porcentaxe de empresas galegas de 10 ou máis asalariados/as con sede en Galicia que posúen páxina web é do 77,7%.

O 28% das microempresas galegas ten presenza nas redes sociais, e sobe ata o 65,5% no caso das empresas de 10 ou máis empregados con sede ou actividade en Galicia, cunha evolución estable.



No 2023, as cifras de vendas mediante comercio electrónico mantéñense en porcentaxes moi similares ás do ano pasado. O cambio máis destacable é o aumento na porcentaxe das empresas que venden, de 10 ou máis traballadores con sede en Galicia, que pasa dun 20,8% a un 26,1% (+25,5%).



O 11,1% das empresas de 10 ou máis empregados/as con sede ou actividade en Galicia usan Intelixencia Artificial, superando claramente a media estatal (9,6%).

A relación das grandes empresas galegas por Internet coas Administracións Públicas é do 95% e supera a media estatal.

Entre as microempresas, o 71,3% das que teñen conexión a Internet tiveron interacción coas AAPP a través dese medio.



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA



OBSERVATORIO
DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN
E A MODERNIZACIÓN DE GALICIA

Máis información: www.osimga.gal